

---

## ACTA XUNTANZA DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

**Lugar:** Sala de conferencias da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

**Data:** 19 de xaneiro de 2023

**Hora de comezo:** 10.15 h **Hora de remate:** 13.05 h

**Asistentes:** Manuel Joaquín Reigosa Roger, Eva María Lantarón Caeiro, Pablo Abelleira Acebedo, Xoán Manuel Cebro Rodríguez, Marcos Dopico Castro, Rafael Durán Barbosa, Óscar García García, Silvia García González, Álvaro Xosé López Mira, María Mercedes Soto González, Emma Torres, Romay, Enrique José Varela Álvarez, Xosé Manuel Buxán Bran, Alejandro Virgós Soto, Carlos Mollinedo Lois.

**Desculpan ausencia:** María Lucrecia López, María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Juan Picos Martín, Ángeles Cancela Barral.

### Primeiro. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14 de setembro de 2022).

O representante de estudantes Pablo Abelleira Acebedo solicita a inclusión do seu nome na relación de membros da Comisión Delegada do Consello de Campus (punto 3 da acta).

*Apróbase*

### Segundo. Informe do Presidente.

Toma palabra o Reitor Joaquín Reigosa e comeza trasladando as felicitacións ao profesor Rafael Durán Barbosa polo seu nomeamento como Decano Comisario da **Facultade de Enfermería** ao tempo que celebra o comezo do proceso de adscrición dos centros de enfermería de Pontevedra e Vigo á Universidade o que suporá conseguir, ao fin, un trato igualitario para os estudantes, docentes e persoal de administración e servizos destes centros. Tamén se informa de que a Facultade de Enfermería atópase en condicións de poñer en marcha un Máster no vindeiro curso

O Reitor dá conta dos asuntos dos últimos meses

#### **1. Relacións institucionais**

Infórmase da continuidade dos traballos co Concello de Pontevedra e a Deputación:

- No caso da Concello de Pontevedra estase avanzando na cesión dos terreos de Tafisa, onde se está traballando na redacción dos protocolos por parte dos técnicos. Destácase as facilitadas postas polo Concello para chegar a este fin.
- No relativo á Deputación de Pontevedra a relación establécese a través de un convenio xeral que acada os 350.000 euros e que supón a primeira ocasión no que esta colaboración se aborda deste xeito.

#### **2. Infraestruturas e asuntos económicos**

2.1. Infórmase das **obras e actuacións no Campus:**

- a) Educación e deporte. Avance dos traballos de ampliación do centro.
- b) Edificio de Benito Corbal. O quinto andar adicarase a investigación, o sexto aos estudos de Deseño e o sétimo ao Campus CREA.
- c) Belas Artes. Obras no patio interior.
- 2.2. Tamén se aportan datos sobre o **Plan de infraestruturas** adicional ao Plan de financiamento da universidade e que resposta ao cumprimento, por parte da Universidade, dunha serie de requisitos como a posta en marcha dunha contabilidade analítica.
- 2.3. Infórmase da evolución histórica do **financiamento** acadado pola Universidade que permitiu dispor dun orzamento de 41,5 millóns de euros no 2022 (31,5 millóns sen programas complementarios).
- 2.4. No relativo ao **Plan de Aforro Enerxético**, confírmase o notable incremento dos custos de enerxía sufridos en 2022, a pesares de ter emprendido medidas previas que paliaron o problema en grande medida. Indícase que as previsións non son boas para este ano, de aí a importancia das medidas estruturais propostas, por exemplo:
- A proposta de racionalización de horarios dos centros (obxectivo de peche ás 18.00 horas).
  - Algúns exemplos de investimentos e medidas en aforro enerxético.
  - Posto de recarga de vehículos eléctricos sobre o que se está analizando a posibilidade de cobro.
  - Participación nas subvencións existentes para implementación de enerxías renovables.

### 3. Plan de internacionalización

O Reitor indica a necesidade de continuar avanzando na internacionalización, facendo fincapé na captación de alumnado estranxeiro. Ponse como exemplo o convenio coa UNAD (Colombia) coa Facultade de Dirección e Xestión Pública, que supón o recoñecemento dobre coa titulación de Políticas do centro colombiano.

Nesta liña, tamén se informa da celebración da Xornada de Debate institucional UNISF (Universidade sen fronteiras) na que participaron as tres universidades galegas e catro do norte de Portugal e onde xurdiron colaboracións como programas de doutoramento.

Debe destacarse as presentacións da Universidade en diferentes Feiras ou nas propias Embaixadas de Iberoamérica.

### 4. Dobres graos ou graos duais

O Reitor incide na necesidade de traballar na elaboración de dobres graos, tendo en conta que a Universidade de Vigo é a que menos títulos deste tipo ten en Galicia. Tamén se manteñen as posibilidades de títulos duais, tomando como exemplo o de Automoción que comezará no 2023-2024.

### 5. Investigación

Infórmase da situación xeral da Universidade en termos de investigación:

- O Convenio de I+D coa Xunta de Galicia supera os seis millóns de euros o que, sumando aos ingresos conquistados pola Universidade dende outras fontes supón que o total se sitúa en máis de 15 millóns de euros.
- Destácanse os datos positivos no número de investigadores visitantes, un item de referencia que comezou a contabilizarse de xeito organizado, polo que se solicita que se comuniquen as visitas deste tipo que se poidan producir.
- Tamén se rexistra unha evolución positiva dos contratos Ramón y Cajal que chegaron, en 2021 á 12 persoas (sendo unha ou dúas en anos anteriores). Trátase dunha posibilidade de atracción de talento moi interesante.
- Dáse conta das prazas de persoal investigador potencialmente consolidable previstas para os vindeiros anos.
- Destácase o importante avance de ter conseguido a posta en marcha do Portal de Investigación da Universidade de Vigo ([uvigo.portalcientifico.es](http://uvigo.portalcientifico.es)) en sistema Dialnet cunha presentación que está dispoñible en vídeo.
- Tamén se destaca a participación da Universidade no programa ATHENA, con sete universidades participantes na actualidade e que, tras a participación na convocatoria de xaneiro serán 9 membros.

## 6. Divulgación

- Infórmase sobre a celebración de Xornadas sobre oportunidades de financiamento europeo para 2023 en educación e innovación. O Reitor anima á participación neste tipo de convocatorias.
- Tamén se comenta a posta en marcha do proxecto de Ciencia de ida e volta coa celebración de actividades divulgativas.

## 7. Outras actividades

- Producíronse avances na Comisión de Convivencia, coa creación dun borrador do Código Ético e a Normativa de Convivencia.
- Infórmase sobre a publicación do novo estudo do Consello Social, neste caso adicado a analizar a situación dos Doutores da Universidade.
- A Universidade de Vigo ten participado no Congreso Español sobre Integridade Académica.
- O Plan Corresponsables ten posto en marcha actividades de conciliación con 125 prazas no Campus Camp do Nadal e valórase a posibilidade de contar con liñas de investigación en Ciencias da Educación e de Deporte.
- A Área de Normalización Lingüística ten publicado un calendario que foi distribuído con notable éxito. Tamén se distribuíu un calendario da área de calidade.
- Celebráronse unhas xornadas sobre a muller no Audiovisual Galego.
- O profesor Celso Cancela ten conseguido unha Cátedra Jean Monnet.

O profesor Álvaro López Mira solicita a palabra para preguntar sobre o convenio da Cátedra Álvarez Osorio xa que no mesmo establecíase que a dirección da Escola Naval sería rotatoria entre a Escola e a Universidades sen que se teña feito esa rotación nos últimos anos.

A Vicerreitora de Campus informa de que a dirección corresponderalle á Universidade no curso 2023-2024.

### **Terceiro. Informe da Vicerreitora do Campus de Pontevedra**

A Vicerreitora manifesta o seu pesar e o da comunidade universitaria polo pasamento do profesor Juan Carlos Meana.

A Vicerreitora procede a informar das actividades de 2022 no Campus de Pontevedra:

- **Institucionais**
  - Sinatura de Convenios entre o Concello e a Deputación.
  - Sinatura de Convenios coa Xunta de Galicia.
  - Renovación da sinatura de convenios co Ministerio de Defensa.
  - IV Xornadas de Investigación CREA
  - III Premios Campus CREA.
  - Concurso Crea de Economía Social.
  - Actividade InTeams.
  - Cátedra Álvarez Osorio da Escola Naval Millitar.
- **Cultura**
  - Aula de Música Tradicional dirixida por Suso Vaamonde.
  - Aula de Teatro dirixida por J. Salvador del Rio
  - Coro Universitario, dirixido por Marco Lucatto.
  - Ciclo de Cine “ten un tesouro”
  - Ciclo de música reCREAr: Cora Velasco, Kalani, OS Xesteira.
  - Ciclo de Oficios tradicionais: Idoia Cuesta, Elena Ferro e Lis Latas.
  - Contos de inverno: Caxoto, Brais das Hortas, Lis de Caldas, Rilo & Penadique
  - Mesa redonda sobre emprendemento e superación: Teresa Portela, Dedfreds, Sofia Toro.
  - III Xornadas de Creación e Pensamento: a saúde mental
  - Obradoiros de Extensión.
  - Docs del Mes.
- **Medio ambiente**
  - Semana de recollida de RAE’s

A Vicerreitoría indica que a falta de participación do alumnado nas actividades organizadas está resultando preocupando e pide a colaboración dos centros na divulgación destas actividades entre os alumnos e alumnas e empregando as redes sociais.

### **Cuarto. Informe da vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación**

A Vicerreitora de Investigación indica que centrará a súa intervención en datos de investigación – algúns adiantados polo Reitor – e nas implicacións da nova “Lei da Ciencia” (Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Ley 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación).

Comeza realizando unhas consideracións básicas:

- A Xornada sobre Proxectos Educativos atópase dispoñible online.
- Tamén está dispoñible a sesión de presentación do Portal de Investigación da Universidade de Vigo e existe un formulario para solventar as anomalías que se poidan detectar.
- O relativo ao proxecto ATHENA está máis orientando ao ámbito tecnolóxico.
- O luns 23 celebraranse as xornadas de presentación da nova convocatoria de Capacity Building centrada en proxectos de DeepTech.
- A Oficina de Proxectos Internacional (OPI) tamén presta apoio a proxectos de corte educativo.
- Agárdase contar con unha persoa en Pontevedra para apoio a investigación nos vindeiros meses.

No relativo aos cambios da Lei da Ciencia:

## **A. Artigo 37. CIENCIA ABERTA**

As propostas recollidas no artigo enlazan co establecido no Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (obxectivo 19) no relativo ás **política de Ciencia Aberta** dando lugar a recursos de acceso aberto na Biblioteca Universitaria. Tamén se ten celebrado a Semana Internacional do Acceso Aberto (este ano previsto como Love Data Week)..

Nesta liña tamén se destaca o acadado cos **acordos transformativos** para o acceso aberto con editoriais (Wiley, Springer, Oxford, Elsevier, Cambridge, ACS) para permitir no pagar polas publicacións en aberto. Isto implica un notable incremento de publicación en aberto, que ademais xa poden subirse aos repositorios.

En xuño está prevista a celebración das primeiras **xornadas de Ciencias Aberta** de xeito virtual e presencial.

Ademais dos repositorios de ciencia, deberá avanzarse no repositorio de datos. Para iso tense iniciado un programa de traballo da Universidade de Miño, pioneira na xestión de datos en aberto.

A Universidade de Vigo é membro da European Open Science Cloud encargada de coordinar e centralizar as infraestruturas europeas en materia de datos.

## **B. Artigo 20. Modalidades de CONTRATO DE TRABALLO DO INVESTIGADOR**

Esta modificación da normativa supón a eliminación de contratos por obra e servizo. Para facer fronte a estes cambios, tense posto en marcha a Unidade de Contratación de Persoal Investigador (UCPI) que empezou a funcionar no mes de xuño. Dende esa data téñense tramitado 327 prazas das cales 164 son prazas indefinidas, 65 transformativas e 99 de nova creación.

O Artigo 22bis aporta a novidade do R3 como certificado investigador que substitúe o I3 ao xeito dunha “suficiencia investigadora” que marca a senda da carreira investigadora. A isto engádese o programa de incentivos e intensificación da actividade investigadora.

Préstase especial atención aos programas de retención de talento (como as novas María Zambrano e o posible plan de retorno do Ministerio).

## **C. Artigo 2. DIVULGACIÓN DA CIENCIA**

Os Artigos 2 e 15 da lei aportan unha nova valoración da divulgación e, de feito, o CVN xa ten incorporado un novo apartado con respecto a esta categoría.

Cobran moita importancia as Unidades de Cultura Científica que comezarán a ser valoradas (e non só nos sexenios de transferencia).

A Universidade de Vigo forma parte de COARA (Coalition for Advance Research), na que participan 40 institucións, das cales 26 son universidades españolas. Esta coalición estase traballando na busca de novos criterios, homoxéneos e obxectivos, que sexa menos automática e menos JCR dependente.

#### **D. Artigos 4.3. e outros. TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO**

A perspectiva xénero está presente na lei e debe terse en conta no desenvolvemento de proxectos.

O profesor Álvaro López Mira solicita a palabra para preguntar de que fonte se alimenta o portal de Investigación da Universidade e se ten en conta o consignado na produción científica.

A Vicerreitora de Investigación informa de que o portal recibe información directa de WOS, Scopus e Dialnet, ademais do SUXI e conta cun seguimento por parte da Biblioteca. Indícase que, no caso de detectarse erros, existe un formulario que será xestionado directamente pola Biblioteca.

O profesor Álvaro López Mira pregunta sobre a posibilidade de realizar unha reunión específica de cara a xestión da produción científica para que se teñan en conta as novas condicións derivadas da existencia do Portal de Investigación,

A Vicerreitora de Investigación indica que non haberá problema en facer toda a labor informativa que sexa precisa, pero que sería convinte agardar a confirmación dos criterios do sexenio de transferencia e debe terse en conta que os criterios para a produción científica de 2022 xa están aprobados.

O representante de alumnado Pablo Abelleira indica que non figura a nova configuración das Facultades de Dirección e Xestión Pública e de Comunicación

A Vicerreitoría solicita que se faga chegar esa consideración a través do correspondente formulario de corrección.

O Reitor lembra que non existe obrigación de incorporar nada ao portal de investigación, pero que, de querer facelo, pode empregarse o sistema de formulario. Si anima que os investigadores accedan e inclúan a imaxe de perfil.

Xoán Manuel Cebro Rodríguez intervén para explicar que existen problemas de persoal precisamente nos servizos de PDI e Investigación. A este respecto realiza unha aportación de información en torno as causas deses problemas, facendo alusión ás limitacións impostas pola taxas de reposición ou a non escoitar as propostas dos xefes de servizo. Tamén se relata que se tiña solicitado a participación da Vicerreitora de Investigación nas mesas de negociación de persoal pero dita participación foi denegada. A partires dese punto abórdase o problema da RPT e a xestión do PDI para o relativo aos investigadores.

Cebro Rodríguez tamén alude a que Pontevedra é o único campus sen unidade de investigación a pesares de que o que existe no Campus de Ourense pode servir como

exemplo. En calquera caso incídese en que isto supón que os investigadores fagan máis traballo en xestión que en investigación. A pesares disto non se fala da creación de prazas senón da reestruturación da existentes.

## **Quinto. Actualización do Plan Estratéxico do Campus CREA**

---

O Reitor informa da situación dos Campus de Especialización e dos procedementos de avaliación dos mesmos. Pártese dun concepto positivo dos campus de especialización nun sistema que conta con tres universidades e sete campus.

O campus de Auga en Ourense é o que está pasando nestes momentos polo procese de avaliación sendo o seguinte o Campus CREA. Para ese fin solicítase do Consello de Campus a aprobación da actualización do Plan Estratéxico do Campus, coa previsión de recoller e poñer ao día a información recollida neste documento.

O procedemento previsto implica iniciar a avaliación do Campus CREA en xaneiro de 2024, contando cunha avaliación en xuño de 2024. Destácase a importancia da acreditación:

- É un selo de calidade.
- Supón a posibilidade de captación de novas titulacións vinculadas.
- Implica unha achega de cartos para a actividade do campus en distintos campos de traballo (investigación, transferencia, divulgación, docencia, etc.).

A todo o anterior engádese a captación de talento e a mellora na xestión dos recursos humanos. O plan de calidade xurdido suporá un mapa de compromisos para un periodo de catro anos.

***Apróbbase por asentimento.***

## **Sexto. Rolda de intervencións**

---

Aberta a rolda de intervencións, recóllense as seguintes aportacións:

- **Carlos Mollinedo**
  - Celebra a integración das Escolas de Enfermería na Universidade e demanda que as mesmas se centralicen no Campus de Pontevedra ao tempo que reitera a demanda da creación da Facultade de Ciencias da Saúde sumando Ciencias do Deporte e Fisioterapia. Tamén pregunta sobre a integración do persoal das Escolas de Fisioterapia.
  - Reivindica a necesidade dunha Residencia Universitaria no Campus de Pontevedra. Máis necesaria, se cabe, polas deficitarias comunicacións coa cidade (especialmente en autobús).
  - Pregunta sobre a Comisión do Plan Estratéxico para a xestión dos recursos xa que nunca foi convocada e indica que a posible implantación dun cambio de horarios na universidade debería ser negociado e consensuado.

- Indica que a nova Facultade de Dirección e Xestión Pública non conta con persoal de administración.
- Súmase ás felicitacións a Rafa Durán.

### O Reitor resposta á intervención de Carlos Mollinedo

- No relativo á modificación de horarios a negociación realizarase cando haxa unha proposta. Por agora a cuestión atópase nunha fase inicial na que se está recadando información dos centros.
  - No referido ao Plan SUVI indícase que se está realizando un seguimento a través do Claustro pero, se fora necesario, podería realizarse unha información específica.
  - En canto á posible Facultade de Ciencias da Saúde, infórmase de que a vindeira semana presentárase no Consello de Goberno a declaración de interese do Mestrado de Enfermería que se vinculará inicialmente á Facultade de Fisioterapia polo que os estudos desta disciplina veranse moi reforzados. A pesares diso parece moi complexo que a Xunta de Galicia poida dar o visto bo a esa Facultade.
  - Con respecto ao persoal da Escola de Enfermería existe una proposta de integración do profesorado que contará cunha moratoria semellante á dos estudos (que se incorporarán curso por curso) para que este conte coas acreditacións correspondentes e incluso é posible que haxa que fichar a persoal. No relativo ao PAS haberá un procedemento de readscrición que suporá unha negociación das condicións en cada un dos campus.
  - No caso das Residencias Universitarias, existe o compromiso de facer un estudio para coñecer as preferencias dos estudantes. Infórmase de que, dende o Consello Social acordouse incluír a demanda dunha segunda residencia en Vigo. Debe terse en conta que existe preocupación pola captación de alumnado e este pode ser un elemento decisor na elección de estudos.
- **Enrique Varela**
    - Demanda un PAS de apoio ao Decanato da Facultade de Dirección e Xestión Pública como xa se ten falado co xerente e a Administradora de centros. Indícase que o PDI leva dous anos cumprindo con esas funcións. Ademais diso, parece necesario que a RPT propoña novas competencias para o persoal, novos perfís vinculados coa internacionalización e a virtualización da docencia o que implica novas competencias do persoal.

### Recóllese a seguinte resposta do Reitor

- Indica que existen eivas na internacionalización e que será preciso analizar as necesidades da Oficina de Relacións Internacionais e que quizais é preciso reorganizar o persoal e optimizar as competencias o que suporá formación do persoal.
- Sinala que a xerente tense incorporado recentemente é coa prioridade dos orzamentos polo que os seguintes pasos deberán ir a atender as múltiples demandas existentes de servizos e centros.



- **María Mercedes Soto González**

- Amosa o seu desacordo co expresado con Carlos Mollinedo con respecto á creación dunha Facultade de Ciencias da Saúde xa que considera que Fisioterapia ten unha entidade propia e suficiente como centro e, de feito nunca houbo iniciativas nese senso nin por parte de Fisioterapia nin por Deporte e debe terse en conta que Ciencias do Deporte non se atopa no ámbito sanitario.

Resposta do Reitor

- O Reitor amósase orgulloso pola investigación desenvolta tanto en Ciencias da Educación e do Deporte como en Fisioterapia ao tempo que indica que a posibilidade dunha Facultade de Ciencias da Saúde é unha cuestión case idealista e case imposible.
- Apunta que, en calquera caso, o futuro do Campus de Pontevedra pasa pola colaboración efectiva destes dous centros e de todos os da cidade e incluso apunta a posibilidade dun PCEO entre Deporte e Fisioterapia que, sen dúbida, tería un notable éxito.

- **Óscar García García**

- Como Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte manifesta estar abertos a un dobre grao.

- **Emma Torres-Romay**

- Expón a preocupación existente polo incremento do número de estudantes no programa PIUNE e a imposibilidade do profesorado de atender as necesidades especiais e específicas dos mesmos, considerándose unha posibilidade importante a colaboración da Facultade de Educación para atender estas cuestións.
- Tamén se indica os problemas que parecen apuntarse coa implantación dos novos ámbitos de coñecemento derivados da Lei 822/2021 e que supón a separación en dous ámbitos dos estudos de Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.
- Sinala a importancia dos traballos en torno a xestión das bolsas de horas dos centros buscando reforzar o apoio a cargos de Coordinación de Grao ou outros coordinadores.
- Finalmente, sinálanse, unha vez máis, os graves problemas existentes no Salón de Actos ubicado na Facultade de Comunicación e cuxo mantemento é inasumible por parte dun centro. No momento actual existe un orzamento de case sete mil euros (que se presenta ao Consello) para conseguir que o Salón funcione correctamente na celebración de actos ou eventos.

- **Xoán Cebro**

- Considera que o campus de Pontevedra é o “patito feo” da Universidade xa que, a pesares de ser o que máis alumnos estranxeiros capta, non conta con residencia, nin con un edificio para a Biblioteca Central e dispón dun

pavillón universitario que é empregado por equipos alleos da universidade maioritariamente e non abre as fins de semana.

- Indica que a creación dunha Secretaría de Decanato para a Facultade de Dirección e Xestión Pública debería ser automática xa que se trata dunha praza que (ao igual que pasou noutros centros) está por riba da RPT e non precisa do proceso de negociación.
- En canto á internacionalización a RPT recollía certas observacións sobre prazas con coñecementos de inglés. As propostas para a nova RPT deberán ter en conta esa circunstancia e, sobre todo, a formación en idiomas. A este respecto amosa a súa sorpresa polo feito de que para promocións internas se tivera demandado accións formativas e as correspondentes probas de idiomas, indicando a universidade que non contaba con capacidade para a organización das mesmas. Incide en que a Universidade de Santiago de Compostela ten posto en marcha a formación para directivos destinada a PAS sendo a primeira en Galicia en facer este tipo de accións e conseguindo, así, adiantar á Universidade de Vigo.
- Insiste en que non existen problemas de persoal nos servizos centrais, senón que estes se producen no servizo de PDI e Investigación. Dun xeito máis concreto aporta datos cuantitativos sobre como os servizos centrais concentran o maior porcentaxe de PAS da Universidade e, ademais, o campus de Pontevedra aparece como o campus con menos efectivos e con menos gastos da universidade.

- **Pablo Abelleira**

- Súmase á reivindicación da residencia de estudantes, sobre todo tendo en conta o alto prezo de aluguer na cidade de Pontevedra.
- Amósase a favor da redución de horario como medida de conciliación a todos os niveles (máis incluso que de aforro enerxético).
- Indica que tras a eliminación do Banco Santander da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, só se dispón dun caixeiro de Abanca que, sen embargo, só permite a retirada de cartos e que, polo tanto, non é un servizo realmente útil. Considérase que, sendo unha entidade privada, debería prestar máis servizos.

Remata a sesión ás 13.05 h.